

(I)

Eu son o cazador

e desde hai tempo persigo unha idea dolorosa. Non o sei, quizais
precise darlle a forma mutilada do meu corpo; unha pegada de
min sobre unha rocha calcárea.

Tres aviadores fitan dende o alto as couvidades das miñas mans

o ruído

a pintura azulada dos meus ollos
mesturándose coa espuma salgada da marea

e o ruído

o ruído anega os ollos

o ruído

os corpos cando caen
fan ruído.

(II)

PINTO A MIÑA CARA
CON CÍRCULOS NERVIOSOS

SON
COMA UN HOME EPILÉPTICO
SEN BOCA

UN NENO PEQUENO
CON DEMASIADAS
DIOPTÍAS.

(III)

E hoxe esperei
a que ardese a terra

busquei a postura idónea
para adentrarme no bosco
e con cal
ir gravando a distancia
entre as pisadas

agora estou no centro
ollando a lentitude
dos meus pasos
precipitarse contra as rochas

SON

COMO UNHA PARTE NO BOSCO
OU COMO UN ANIMAL ENFERMO

O SIGNO

DUNHA LOCOMOCIÓN
ARRASADA.

(IV)

O SOL NO ALTO

UNHA PELOTA DE GOMA

O MEU CORPO DEBUXADO
CON QUILÓMETROS DE XIZ

DETRÁS

A CHATARRA

A PISTA ONDE MORREN OS AVIÓNS

UNHA CAIXA
PARA ENCHER DE PLUMAS

(V)

Construír a teoría do lugar:
meterse dentro.

A primeira lembranza é a miña boca soterrada na area e centos de
plumas espaxadas polos brazos.

Desfeitas.

Despois, o ruído
a chatarra inmóbil no centro das dunas
e o ruído

así de inmóbil

coma un animal de aire
pero acuático

o ruído

un vexetal pintado
con anaquiños de xiz